



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE DECEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Non asiste e presenta escusa dona Leonor Fernández Grande.

Intervén como secretaria por delegación dona Verónica Maria Otero López, técnica de xestión de administración xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 15 de decembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 1 de setembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016. Figura o Concello de Cambre coa actuación subvencionada "Concilia Cambre", por importe de 12.000,00 euros. (Diario Oficial de Galicia número 244, do día 23 de decembro de 2016).

- Real decreto 636/2016, de 2 de decembro, do Ministerio de Economía, Industria e Competitivade, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2016. A poboación do Concello de Cambre é de 24.141 habitantes, 11853 homes e 12.288 mulleres. (Boletín Oficial do Estado número 304, do 17 de decembro de 2016).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2º. Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Rede de saneamento e pavimentación en Peiraio, (Bribes), Cambre" obra incluída na 2ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) Adicional 1/2014 da Exma. Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que no expediente 2015/C003/000002 de contratación da obra, consta a acta de recepción asinada con data 28 de xaneiro de 2016, polo representante da empresa adxudicatária, e pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal actuando como directora da obra e responsable do contrato.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2015/C003/000002	ALVAC S.A.	A40015851	Certificación 3 Liquidación "Rede de saneamento e pavimentación en Peiraio, (Bribes), Cambre 2013"	6.185,21 €	F/2016/1397	27/04/2016

Comprobado o cuadro aritmético da mesma.

Visto que se trata dunha certificación de liquidación de obra e que consta informe á liquidación da obra asinado pola directora da obra e o contratista.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a proposta formulada o 20 de decembro de 2016, polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2015/C003/000002	ALVAC S.A.	A40015851	Certificación 3 Liquidación "Rede de saneamento e pavimentación en Peiraio, (Bribes), Cambre 2013"	6.185,21 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º. Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema", incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excm. Deputación provincial da Coruña

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 1 "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	52.534,35 €	F/2016/5775	14/11/2016

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a proposta formulada o 20 de decembro de 2016, polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 1 "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	52.534,35 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4º. Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Aparcamentos provisionais na unidade de execución nº 4 e A Coutelana"

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

"Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que no expediente 2016/C002/000023 de contratación da obra, consta a acta de recepción asinada con data 11 de novembro de 2016, polo representante da empresa adxudicataria, e polo enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos actuando como director da obra e responsable do contrato.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C002/000023	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.	B15072713	Certificación Única da obra "Aparcamentos provisionais na Unidade de Execución nº 4 e A Coutelana"	43.802,00 €	F/2016/5836	18/11/2016

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a proposta formulada o 20 de decembro de 2016, polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C002/000023	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.	B15072713	Certificación Única da obra "Aparcamentos provisionais na Unidade de Execución nº 4 e A Coutelana"	43.802,00 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 21 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, e Medio Ambiente número 1989/2016 e remata coa resolución da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 2062/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1989/2016	15/12/2016	Expediente de disciplina urbanística por obras realizadas en finca situada en Anceis. Propiedade: MBG
1990/2016	15/12/2016	Expediente sancionador por obras realizadas en finca situada en Anceis
1991/2016	15/12/2016	Expedientes de disciplina urbanística 2014/I002/000055 e 2016/I002/000104 por realización de obras en finca situada en Seoane, 2-A, Anceis
1992/2016	15/12/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000055 por realización de obras en finca sita en Seoane, Anceis
1993/2016	15/12/2016	Expediente de reposición de legalidade urbanística por construción de fosa séptica en finca situada en Seoane, Anceis Propiedade: LGC
1994/2016	15/12/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000043 por construción de fosa séptica en finca situada en Seoane, Anceis
1995/2016	15/12/2016	Aprobar a relación de admitidos para participar no programa de actividades xuvenís do mes de outubro de 2016
1996/2016	15/12/2016	Estimar a solicitude de bonificación da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras para supresión de barreras arquitectónicas. Solicitante: BMVG
1997/2016	15/12/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (EESC e máis), por importe total de 51.170,22 euros
1998/2016	15/12/2016	Aprobación de facturas (C F SL e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 61.780,68 euros
1999/2016	15/12/2016	Programa de actividades culturais nas parroquias e na Casa da cultura "Vila Concepción" o trimestre de outubro a decembro de 2016
2000/2016	15/12/2016	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2016
2001/2016	15/12/2016	Aprobación de admitidos nos cursos de informática para escolares de Educación Primaria e Secundaria, outubro 2016-maio 2017



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2002/2016	15/12/2016	Expediente de disciplina urbanística 07/20/10 por obras de peche realizadas en finca situada en Ponte, Cela, Cambre
2003/2016	15/12/2016	Expediente sancionador 15/45/12 por obras de peche realizadas en finca situada en Ponte, Cela, Cambre
2004/2016	15/12/2016	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica nas naves situadas na Telva, Sigrás. Solicitante: UFD, S.A.
2005/2016	16/12/2016	Liquidación prezos públicos cursos de informática para maiores de 55 anos, outubro 2016 - xaneiro 2017 por un importe total de 472.56 euros
2006/2016	16/12/2016	Liquidación prezos públicos cursos de informática para mocidade e adultos, outubro-décembro, 2016 por un importe total de 744,00 euros
2007/2016	16/12/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 24/2016. Servizo de axuda no fogar por un importe total de 22.000,00 euros
2008/2016	16/12/2016	Resolución autorizando uso lista e nomeamento interino de auxiliar administrativo para os servizos económicos
2009/2016	16/12/2016	Conceder a axuda recibo auga por importe de 68,09 euros. Solicitante: MMSD
2010/2016	16/12/2016	Aprobar a realización da "Campaña de Nadal 2016" dirixida a 91 menores pertencentes a familias que se atopan en situación de risco de exclusión. Aprobar o gasto por importe de 2.730,00 euros para cubrir os gastos da realización da "Campaña de Nadal 2016"
2011/2016	16/12/2016	Conceder a axuda para a atención de desafiuzamento xudicial da vivenda habitual por importe de 378,50 euros. Solicitante: MRI
2012/2016	16/12/2016	Expediente de transferencia de crédito número 25/2016. Gastos de persoal por un importe total de 26.200,00 euros
2013/2016	16/12/2016	Expediente de anulación parcial de transferencia de crédito número 17/2016 por un importe total de 50.000,00 euros. Gastos de persoal
2014/2016	16/12/2016	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 21 de decembro de 2016
2015/2016	16/12/2016	Modificación da Resolución núm. 2014/2016, do 16 de decembro, de convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas de data 21 de decembro de 2016
2016/2016	16/12/2016	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica na rúa Corredoira Escura, Sigrás. Solicitante: UFD, S.A.
2017/2016	16/12/2016	Conceder a licenza municipal para a segregación dunha parcela situada na Patiña, Cela, e se acepta a cesión da parcela resultante de 65,50 m ² para viario público. Solicitante: PGT
2018/2016	16/12/2016	Segundo requirimento a EE S.A.U, para que presente a documentación esixida no marco do procedemento de comprobación limitada PCL 4/2016



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2019/2016	16/12/2016	Procedemento de comprobación limitada PCL 14/2016, á razón comercial FE, S.A.
2020/2016	19/12/2016	Procedemento de comprobación limitada PCL 15/2016, á razón comercial G S.A
2021/2016	19/12/2016	Desestimación recurso reposición interposto pola entidade "ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais" (IDOM-ARNAIZ UTE), adjudicataria do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre
2022/2016	19/12/2016	Conceder a axuda para pago dous recibos de luz e gas por importe de 80,39 euros e 75,82 euros respectivamente. Solicitante: MTOL
2023/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 e 2, non se cumpren os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: MCJS
2024/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación Cambre, segundo o disposto no artigo 22.1 e 2, non se cumpren os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: MJMP
2025/2016	19/12/2016	Denegar a axuda bonotaxi por non cumprir un dos requisitos da base terceira.1, "Estar empadroado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.". Solicitante: CLR
2026/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: DPC
2027/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: JABR
2028/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 e 2, segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MCGL
2029/2016	19/12/2016	Denegar a axuda aluguer por constar no contrato de aluguer aval solidario. Solicitante: GBSC
2030/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia non está empadroadada nin reside no municipio de Cambre con tres meses de antelación á data de formulación da solicitude de axuda. Solicitante: IMB
2031/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 e 2, non se cumpren os compormisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: LMPP



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2032/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1 e 2, non se cumpren os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: LMPP
2033/2016	19/12/2016	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: NGL
2034/2016	19/12/2016	Expediente de transferencia de crédito núm. 26/2016 por un importe total de 22.611,06 euros. Investimentos de obras
2035/2016	19/12/2016	Expediente de disciplina urbanística 2014/I002/000169 por obras realizadas en Estrada da Estación, Cambre.
2036/2016	20/12/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: dii (p3841)
2037/2016	20/12/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: dr 3839 masivo
2038/2016	20/12/2016	Aprobación liquidación actividades xuvenis outubro 2016 por un importe total de 436.20 euros
2039/2016	20/12/2016	Segundo pagamento da achega económica da subvención nominativa da asociación de Empresario e Empresarias de Cambre correspondente ao ano 2015
2040/2016	20/12/2016	Segundo requirimento a FE S.A, para que presente a documentación esixida no marco do Procedemento de comprobación limitada PCL 13/2016
2041/2016	20/12/2016	Resolución pagamento nómina e extraordinaria do mes de decembro de 2016 por un importe bruto de 605.016,21 euros
2042/2016	20/12/2016	Segundo requirimento a AEE S.A.U, para que presente a documentación esixida no marco do Procedemento de comprobación limitada PCL 10/2016
2043/2016	20/12/2016	Convocatoria sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de decembro de 2016
2044/2016	21/12/2016	Conceder a axuda bonotaxi. Solicitante: MJAC
2045/2016	21/12/2016	Renuncia axuda recibos luz. Solicitante: MTOL
2046/2016	21/12/2016	Denegar a axuda material escolar e libros de texto. Solicitante: GLG
2047/2016	21/12/2016	Denegar a axuda alimentos e recibo auga. Solicitante: GMGD.
2048/2016	21/12/2016	Declaración en situación administrativa de segunda actividade como consecuencia da perda de aptitudes psicofísicas derivadas de accidente de traballo.
2049/2016	21/12/2016	Resolución uso lista e nomeamento de funcionario interino traballador/a social polo tempo restante e en substitución de dona Iria Rodríguez Fernández.
2050/2016	21/12/2016	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CRDSR
2051/2016	21/12/2016	Conceder a axuda recibo auga por importe de 62,39 euros e recibo de luz por importe de 117,03 euros. Solicitante: GAHS
2052/2016	21/12/2016	Conceder a axuda aluguer por importe de 350 euros. Solicitante: GAHS



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2053/2016	21/12/2016	Renuncia axuda tratamento odontolóxico. Solicitante: EFF
2054/2016	21/12/2016	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YGE
2055/2016	21/12/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (GN SUR SDG SA e máis), por importe total de 30.869,21 euros
2056/2016	21/12/2016	Recurso Contencioso Administrativo procedemento abreviado número 0000295/2016. Representación e defensa
2057/2016	21/12/2016	Compensación de débedas: XESTIÓN CULTURAL AUREA, S.L: PUBLICACIÓN DE ANUNCIO
2058/2016	21/12/2016	Liquidación de prezos públicos -Cursos de informática para escolares de Educación Primaria e Secundaria, outubro 2016-maio 2017
2059/2016	21/12/2016	Expediente sancionador por instalación de valla publicitaria sin licenza en finca situada en Estrada de Espírito Santo, Cecebre, Cambre.
2060/2016	21/12/2016	Expediente de disciplina urbanística por incremento de altura de cierre e realización de construción anexa á vivenda en finca situada en Graduil, 22, Cambre Propiedade: MCO e JCO
2061/2016	21/12/2016	Expediente sancionador por por incremento de altura de cierre e realización de construción anexa á vivenda en finca sita en Graduil, 22, Cambre Propiedade: MCO e JCO
2062/2016	21/12/2016	Autorización de venda ambulante ocasional no Mercado de Nadal

6º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta do seguinte asunto:

Acudiu a unha mesa de alcaldes no Concello da Coruña en relación coa creación da área metropolitana. Espera que no mes de xuño do ano entrante poida ter un borrador.

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- A presidenta da Asociación de Amas de Casa de Cambre, informa de que xa foi reparada a avaría da agua que había na asociación.
- Os veciños da Barcala solicitan na praza 1 de Maio, xunto a para-farmacia, un banco de madeira para que a xente maior se poida sentar, e guarecerse das correntes de aire e da choiva, o lugar máis axeitado, sería onde se atopa o banco e a xardineira de formigón.

Presentouse no seu despacho o presidente da Asociación da Chave "Amigos da Barcala" Sr. Jesús Gil Blanco, para dar conta da nova directiva, queixase de que lles entra auga na pista de



xogo, entre a parede e o tellado, piden se se lles pode sellar; segue reclamando o baño portátil e o punto de luz .

- Trasládouse á Asociación Garrulaxe de Cecebre con Xabier, para medir unha columna que se vai a forrar.

- Trasládouse á Asociación Arela e Nosa Sr. da Visitación da Barcala, a levar a empresa que está a poñer o cable da TV.

- A Asociación Virxen de Lourdes-Altamira viñeron a traer produtos non perecedeiros para entregar no banco de alimentos, que foron doados polos veciños de Altamira–Anceis .

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibida sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con entrada no Rexistro xeral o 22 de decembro de 2016, pola que desestima o recurso de apelación interposto por don R.A.M., (policía local do Concello de Cambre) e se confirma a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña de data 20 de maio actual na que se lle desestimaba unha indemnización, por importe de 60.101,21 euros, por razón da súa situación de Incapacidade Permanente Parcial, derivada dun accidente de traballo.

- Recibido con data 22 de decembro de 2016, escrito do Xulgado Contencioso/Admtvo. nº 4 da Coruña no que se comunica a interposición do recurso contencioso-administrativo pola Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) contra a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambre, relativa á redución dos complementos de destino e específico do posto e, así mesmo, solicita a remisión de copia do expediente administrativo con 15 días de antelación á vista, que terá lugar o vindeiro 14 de marzo de 2017.

- Incorporación dun auxiliar administrativo para o departamento da Intervención municipal.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballeda Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

-O día 21 mantivo unha reunión con representantes da empresa Hebe Sport S.L.

-O día 22 mantivo unha reunión con representantes da Banda de Música “Sementeira”.

-O día 23 mantivo unha reunión con representantes da Asociación “La Juventud de Cecebre”.

- Vaise solicitar a Patrimonio a autorización para poder usar o castro como zona de camping no festival “Rock in Cambre”.

Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Mércores 21 tivo unha reunión con representantes da empresa Hebe Sport S.L.
- Mércores 21 asiste o concerto de Nadal do coro e da banda de música de Sementeira no local de servizos múltiples de Culleredo.
- O día 22 visitou as instalacións da ONG Arela xunto con representantes da Deputación da Coruña.
- O día 22 visitou xunto ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito as obras do campo de fútbol Os Pinares.
- O día 22 realizouse a gala de clausura das escolas de actividade física e saúde 2016 presentada polo actor César Cambeiro.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación á empresa “Hebe Sport”, no importe de 13.134,55 euros IVE incluído, do servizo de organización técnica da liga/ copa de fútbol-sala Cambre-Carral, durante a tempada 2016-2017. Expediente: 2016/C002/000029
- Adxudicación á empresa “Construcciones Navila S.L.”, polo importe ofertado de 50.094,00 euros, IVE engadido, da obra denominada “*Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”, Cambre*” cofinanciada ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social do 21 de xullo de 2016, (DOG nº 149 do 8/08/2016). Expte.: 2016/C002/000034
- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra denominada Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención saos concellos Galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 149 do 8 de agosto de 2016).
- Aprobación de certificación de obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, correspondente á obra denominada “Seguridade Vía na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mora (AC 214)”

Sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A) Adxudicación á empresa “Hebe Sport”, no importe de 13.134,55 euros IVE incluído, do servizo de organización técnica da liga/ copa de fútbol-sala Cambre-Carral, durante a tempada 2016-2017. Expediente: 2016/C002/000029

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“O animador deportivo municipal propón, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro-delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes coa data do 10 novembro de 2016, a contratación externa do servizo de organización técnica da liga/ copa de fútbol sala Cambre-Carral, durante a tempada 2016-2017, achegando á proposta as prescricións técnicas para o desenvolvemento dos traballos, por un importe máximo de 13.538,69 euros, IVE incluído.

Para esta finalidade, solicitáronse presupostos a tres licitadores capacitados para a execución do contrato, que constan no expediente, formulándose proposta de adxudicación polo animador deportivo, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas e máis do concelleiro-delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, coa data do 21 de novembro de 2016, a prol da entidade “Hebe Sport”, xa que foi a única que presentou a súa oferta, comprometéndose á realización do contrato polo importe de 13.134,55 euros IVE incluído.

As empresas “*Esproade, S.L.*” e “*Move servicios de Ocio y Deporte, S.L.*” invitadas a participar na licitación, non presentaron oferta.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 14 de novembro de 2016.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 22 de decembro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000029.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade de data 23 de decembro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo animador deportivo municipal, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, e máis do concelleiro-delegado de Cultura, Tradicións Populares e Deportes coa data do 10 novembro de 2016, para a contratación externa do servizo de organización técnica da liga/ copa de fútbol sala Cambre-Carral, durante a tempada



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2016-2017, por un importe máximo de 13.538,69 euros IVE incluído, así como as prescricións técnicas para o desenvolvemento do servizo.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 341.22609 “actividades deportivas, promoción e fomento do deporte”

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte n.º 2016/C002/000029 do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por canto o importe do servizo é inferior a 18.000,00 euros.

Cuarto : Adjudicar o servizo, no prezo ofertado para a tempada 2016/17 de 13.134,55 euros IVE incluído, á entidade “Hebe Sport” con CIF B15890809 e domicilio na rúa Venezuela nº3-3º esquerda, 15160 Sada- A Coruña, por ter sido a única entidade que ofertou, facer baixa respecto ao tipo de licitación e presentar unha proposta técnica que mellora o esixido no prego de prescricións técnicas.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Tal e como consta no escrito de aceptación asinado polo concelleiro de Xuventude e Deportes do Concello de Carral con data do 22 de decembro de 2016, a entidade adjudicataria deberá emitir as facturas de xeito proporcional para cada un dos concellos participantes

Sexto: Désígnase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao coordinador de actividades culturais e educativas, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como ao Departamento de Intervención e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adjudicación á empresa “Construcciones Navila S.L.”, polo importe ofertado de 50.094,00 euros, IVE engadido, da obra denominada “Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”,Cambre” cofinanciada ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social do 21 de xullo de 2016, (DOG nº 149 do 8/08/2016). Expte.: 2016/C002/000034



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 8 de agosto de 2016 publicouse no DOG nº 149 a Orde do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora de accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020 e se procede a súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.

Con data 8 de setembro de 2016, o Concello de Cambre solicitou ao Servizo de Promoción da Autonomía Personal e da Accesibilidade da Consellería de Política social, unha axuda por importe de 54.161,52 € para a obra denominada *Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”, Cambre*, cuxo proxecto foi redactado polo Arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata de 54.161,52 euros, e un valor estimado (sen IVE) de 44.761,59 €.

Posteriormente, con data 30 de novembro de 2016 recíbese da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade notificación mediante a que o Concello de Cambre resulta ser beneficiario dunha achega por importe de 40.621,14 € ao abeiro da Orde do do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, referenciada anteriormente.

O importe concedido estará cofinanciado con fondos Feder no programa operativo Galicia 2014-2020 nunha porcentaxe do 80 % obxectivo temático 9 –Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación-, prioridade de investimento 9.7 –Investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais-, obxectivo específico 9.7.1 –Investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribúa ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais. A categoría da intervención é a 055 (“Outra infraestrutura”) e a actuación a 9.7.1.3 : “Conversión e adaptación de vivendas e infraestruturas de servizos sociais a un modelo accesible e acorde coas innovacións sociais e demandas da sociedade, así como á creación e habilitación de espazos públicos de formación, capacitación e investigación”. Isto esixe o cumprimento da normativa aplicable a este fondo; en particular, - Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

Por Providencia do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 13 de decembro actual, resólvese que se inicien os trámites necesarios para proceder á contratación da obra subvencionada, emitíndose sendos informes polo arquitecto municipal con data do 14 de decembro seguinte.

Existe crédito dabondo na aplicación orzamentaria 337/62200 *Edificios Ocio e tempo libre*, para facer fronte aos gastos derivados desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido polo Departamento de Intervención Municipal con data do 13 de decembro actual.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con data 15 de decembro de 2016, remitíronse invitacións, mediante correo electrónico, para participar na presente licitación, a catro licitadores, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, (“ALVAC, S.A.”, “ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS, S.L.”, “CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.”, e “CONSTRUCCIONES M.A. RAMOS, S.L.”), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas. Dos catro licitadores invitados, soamente os tres primeiros, citados anteriormente, presentaron oferta, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 20 de decembro de 2016 emitiuse informe-proposta de adjudicación polo arquitecto municipal, a prol da entidade “CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.”, por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, único valorable no presente procedemento, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 50.094,00 euros, IVE incluído.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000,00 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 22 de decembro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000034.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 22 de decembro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo Arquitecto Municipal de data do 14 de decembro de 2016, para a contratación menor da obra “*Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”, Cambre*”, así como o proxecto revisado con data de decembro de 2016, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, por un importe máximo de execución por contrata de 54.161,52 €, IVE engadido.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria “2016/337/62200 Edificios Ocio e tempo libre”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000034, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás tres entidades que presentaron oferta para participar na presente licitación, sendo éstas “ALVAC, S.A.”, “ARKIVOLTA CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTOS,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

S.L.” e “CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.”

Quinto: Adxudicar a obra no prezo ofertado de 50.094,00 euros (IVE incluído), á empresa CONSTRUCCIONES NAVILA S.L., con CIF B-15.148.752 e domicilio na Avda. Alcalde Manuel Platas Varela, 181, 15141 Villarrodís, Arteixo, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo, único contemplado no expediente de contratación incoado, ao efectuar a oferta máis baixa sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa

- 1.- CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.
- 2.- ARKIVOLTA CONTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTOS, S.L.
- 3.- ALVAC, S.A.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Désígnase como director de obra ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e como directora de execucion material da obra á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López.

Oitavo: A coordinación da seguridade e saúde da obra corresponde á entidade “Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U.” (IPRENOR), con CIF B-15856339 e domicilio na rúa Perpetuo Socorro, 1-1º dereita, local 7, C.P. 15006 A Coruña, de conformidade co vale de pedido número 03122 de data 16 de decembro de 2016, e que designa para a realización destes traballos a dona Laura López Santiago, con DNI 02617393Q, enxeñeira de minas e técnico superior en prevención de riscos laborais.

Noveno: Désígnase como responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, ao que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Décimo: As infraestruturas sobre as que se realicen as actuacións subvencionables deberán permanecer destinadas ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco anos, tal e como se recolle no artigo 31.4.a) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 29.4.a) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.



Ademáis, a entidade beneficiaria estará obrigada a conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos, a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos de operación concluída.

Décimo primeiro: De conformidade co establecido no apartado e) do punto “Obrigas das entidades beneficiarias”, incluído na notificación da concesión da subvención recibida no Concello de Cambre con data do 30 de novembro actual, (nº 0/10250), deberá darse cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos á actuación subvencionada, terá que constar a condición de subvencionada pola Consellería de Política Social e cofinanciada polo Programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, sendo así mesmo obrigatoria a colocación de carteis informativos (tamaño mínimo A3), en lugares ben visibles para o público, nos cales se aprecie a publicidade de cofinanciamento das actuacións con fondos Feder, debendo permanecer colocados durante a realización da actuación subvencionada e, cando menos, ata a data na que remata o prazo de xustificación da subvención establecido no apartado 3 do artigo 18 da Orde do 21/07/16.

Así mesmo, tamén se informará na páxina web, sobre a actuación subvencionada e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada (para o que se porá a dispor un modelo orientativo na páxina web da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade <http://politicassocial.xunta.gal>)

Ademáis, deberase recoñecer o apoio do Feder á operación, mostrando en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o beneficiario o emblema da Unión, así como unha referencia á Unión Europea e unha referencia ao fondo que dá apoio á operación (art. 4 do Regulamento 821/2014). Nas ditas medidas deberá incorporar o lema asociado ao fondo : “Unha maneira de facer Europa”.

Décimo segundo : Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención, Servizos e Urbanismo, e á técnica de xestión de Administración Xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra denominada Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención saos concellos Galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 149 do 8 de agosto de 2016).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 23 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C002/000034 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da obra cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención aos concellos Galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 149 do 8 de agosto de 2016) denominada *Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”*.”

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Construcciones Navila S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 23 de decembro de 2016, rexistrado co número 0/11127, ao que se achega informe favorable presentado coa mesma data e número de rexistro 0/11128 e emitido por dona Laura López Santiago (Iprenor) designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra,

Á vista do informe favorable emitido polo Arquitecto Municipal, de data 23 de decembro de 2016,

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, así como o desposto na cláusula 18.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación,

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 23 de decembro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Construcciones Navila S.L” para a execución da obra denominada obra *Proxecto básico e de execución de mellora das condicións de accesibilidade na “Casa Arrigada”*, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención aos concellos Galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 149 do 8 de agosto de 2016).

Segundo: Notificar aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

D) Aprobación de certificación de obra incluida no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, correspondente á obra denominada “Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mora (AC 214)”

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de decembro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que no expediente 2015/C003/000001 de contratación da obra, consta a acta de recepción asinada con data 29 de xullo de 2016, polo representante da empresa adxudicataria, e pola enxeñeira de obras públicas municipal actuando como directora da obra e responsable do contrato.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2015/C003/000001	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL	B15496219	Certificación 6 Liquidación da obra “Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mora (AC 214)”	22.611,06 €	F/2016/5833	18/11/2016

Comprobado o cuadro aritmético da mesma.

Visto que se trata dunha certificación de liquidación de obra e que consta informe á liquidación da obra asinado pola directora da obra e o contratista.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a proposta formulada o 23 de decembro de 2016, polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2015/C003/000001	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL	B15496219	Certificación 6 Liquidación da obra “Seguridade Viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mora (AC 214)”	22.611,06 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria por delegación

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López